

ESCOLA DA VIDA

Avós, pais e fillos

28.03.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Na cultura tradicional, os fillos que quedaban na casa dos seus pais acababan atendendo a estes e os seus propios fillos. As mellores condicións de vida dos lugares en que residen agora os fillos fai que os avós, unha vez xubilados ou prexubilados, e aínda cunhas boas condicións para vivir de forma independente, se muden á casa dos fillos para coidaren os seus netos e netas. Isto dá idea de que o primeiro instrumento da nosa sociedade para o coidado das persoas é a propia familia. Como para todo, tamén para isto existen estudos. E segundo revela un deles, feito pola Universidade Carlos III de Madrid, o 25 por cento das mulleres aseguran que as súas nais e/ou sogras supoñen un mellor apoio para a crianza dos seus fillos que as súas propias parellas. Ademais, case o 23 por cento delas coidan de forma cotiá dos seus netos cando os seus pais traballan, outro 43 por cento faino todos os días, e un 31 por cento por cento cóidaos varias veces por semana.

Outro estudo, titulado *Las abuelas como recurso de conciliación entre la vida familiar y laboral*, pondera o feito de que sen elas, a atención aos pequenos sería practicamente imposible a conciliación da vida familiar e laboral, e traza o seu perfil como o dunhas mulleres que aínda que traballaron anteriormente, atópanse xa liberadas tanto do traballo como das tarefas da reprodución e do coidado dos seus propios fillos.

Salvando aquelas circunstancias especiais nas que avós ou netos teñen un carácter marcadamente indolente, e encontro de ambas as xeracións é sempre moi enriquecedor. Para os netos por que se afrouxane as ordes e as obrigas que deben mater os pais. Para os avós por que poden facer cousas distintas, cousas que lles gustan e que algunhas veces xa tiñan case esquecidas como comer doces, dar paseos, ir ao parque, e outra infinidade de actividades das que gozan cun pracer renovado da amizade e do agarimo.

Cunhas políticas sociais coma as actuais que non acaban de rachar coa necesidade de prazas nas escolas infantís, de actividades de lecer extraescolar (parques infantís, ludeotecas, etc.) a compensación familiar das avoas, principalmente, vai seguir sendo por moito tempo un recurso de primeira necesidade.